

O Grupo Compostela de Universidades impulsa o proxecto ‘ConArte no Camiño’, dirixido á comunidade universitaria de Belas Artes

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2021 – O proxecto ‘ConArte no Camiño. Belas Artes para a transmisión dos valores universais do Camiño’, promovido polo Grupo Compostela de Universidades (GCU) e que forma parte do programa O teu Xacobeo da Xunta de Galicia, busca achegar aos artistas ao entorno do Camiño de Santiago para que adquiran novas experiencias vitais. Unhas experiencias que sexan fonte de inspiración na creación de obras plásticas e escenografías, e que posteriormente sirvan de vehículos da transmisión do coñecemento e propicien o seu uso didáctico.

A esta iniciativa, coliderada polas universidades da Coruña e Santiago de Compostela, foron convidadas a participar as 61 universidades socias do GCU. Os estudantes de grado, posgrao e investigadores destas institucións poden enviar as súas solicitudes para optar ás bolsas da actividade ata o 30 de xullo de 2021. As persoas que as reciban terán cuberto o aloxamento, a manutención, os traslados locais, o material para as súas creacións artísticas e o seguro de responsabilidade civil.

Na segunda fase do proxecto, os 18 bolseiros seleccionados participarán do 23 ao 29 de setembro en actividades académicas, culturais e de integración social, desenvolvidas ao longo do Camiño de Santiago na comarca de Ferrol. O seu percorrido culminarase cun congreso final, que terá lugar o vindeiro 30 de setembro en Santiago de Compostela.

Ademais, ‘ConArte no Camiño’ incorpora un plan de sustentabilidade que contempla a creación do Club da Caldeira de Artistas do GCU, no que os seus membros interactuarán na procura de novas oportunidades vencelladas ás Belas Artes, á transmisión dos valores europeos e á divulgación da riqueza patrimonial do Camiño.

O Grupo Compostela de Universidades

O Grupo Compostela de Universidades é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, recoñecida en 2020 como entidade de utilidade pública, que traballa en favor da colaboración e promove o diálogo en todos os ámbitos da Educación Superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e desde a súa creación foi crescendo ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Todos os membros do Grupo Compostela de Universidades comparten os valores de cooperación e integración desenvolvidos en torno ao Camiño a Santiago.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021



compostela
GROUP OF UNIVERSITIES
GRUPO DE UNIVERSIDADES

Academia Compostela no Camiño do GCU

A Academia Compostela no Camiño naceu en 2018 co obxectivo de agrupar as iniciativas do Grupo Compostela de Universidades relacionadas con esta ruta de peregrinación. A decisión da creación deste programa responde á necesidade de aglutinar a gran variedade de actividades da rede universitaria centradas neste itinerario cultural e na difusión dos seus valores á comunidade universitaria e á sociedade.

Grupo Compostela de Universidades

Casa da Cuncha. Rúa da Conga, 1
15782 Santiago de Compostela (España)

Tel: 881 812 931 / Email: grupo.compostela@usc.es